

Folga falar das troféas, inxustizas e dramas acontecidos durante a “Guerra Incivil” e posterior franquismo. En momentos nos que se reivindica a memoria colectiva de tempos tan duros semella que volvemos reencontrarnos cunhas inxustizas poéticas tendentes cara á recreación e lembranza dos sucesos deses anos. Cando caen algúns textos deste tipo dá a sensación de que volvemos a unha especie de “revival” da poesía chamada social-realista (habería que chamarlle mellor política) dos anos 60 e 70. Expóñense homes, nomes, situacións e espazos gravados na memoria colectiva, nuns casos e na memoria histórica que sen este pulo pola dignificación das vítimas da guerra e o franquismo non sabemos se daría chamado.

Non é casualidade que sexa Xesús Alonso Montero o encargado de prologar este libro. Sabida é a súa perseverancia investigadora na literatura dedicada a este período histórico,

# Ton denotativo

## Conxunto valioso

HÉITOR MERA

polo que o autor tería a ben, case de xeito simbólico, contar coa axuda do académico na pre-

sentación do poemario.

Índomos ao que nos interesa, Incivil é un poemario testemuñal por varias razóns. A primeira é o tratamento temático.

Ten interese o autor en que quede constancia do sucedido nese período. Ten interese en reivindicar unha compensación poética para todos/as os que sufriron a ignominia. A segunda razón pola que cremos que poderíamos denominar este libríño como poesía testemuñal é a insistencia en presentar unha cantidade considerable de textos doutros autores nos que se trata a desgraza chorada. Polo tanto, a inter-

textualidade no poemario adquire unha importancia inusitada; non se limita a facer un

par de citas que puidesen quedar acalidas e punto, senón que amosa unha grande erudición literaria sobre o que está poetizando apoiando a súa propia obra no feito anteriormente por outros moitos autores galegos.

Agora ben, recoñecendo certa habelencia poética no autor, recoñecendo unha serie de imaxes fermosas, impactantes e de gran sensibilidade, é de obrigado cumprimento, unha vez lido o poemario, facer a seguinte reflexión: en moitas ocasións ao longo do texto, o exceso ton notarial deriva nunha perda na evocación, no sentimento poético. Por momentos adquire un ton excesivamente denotativo cando en poesía o que hai que procurar é o sentimento e máis en cuestións tan delicadas para moitos como esta. Se cadra, o autor deixouse levar en exceso pola preocupación ou especial interese que lle provoca a inxustiza acometida neste tempo e estira demasiado o proceso creador nunha única dirección que ben podería quedar máis completa peneirando poemas que non achegan nada e que desmerecen un conxunto en si valioso.

DOMÍNGUEZ ALBERTE, X.C., *Incivil*, Ed. Toxosoutsos, Noia, 2010, PVP10 €

